

# MEDIDAS URXENTES DE EMPREGO GALICIA PARA MINIMIZAR O IMPACTO DO COVID-19

## MEDIDAS EXTRAORDINARIAS PARA PERSOAS DEMANDANTES

- **NON SERÁ NECESARIO RENOVAR A DEMANDA DE EMPREGO ATA O 30 DE XUÑO DE 2020.**
- NON se dará de baixa ás persoas estranxeiras que teñan pendente a renovación dunha autorización administrativa ou estean pendentes de presentar algunha documentación xustificativa.
- NON se esixirá a acreditación da busca activa de emprego (BAE) na solicitude do subsidio extraordinario ou renda activa de inserción.
- Quedan suspendidas as citas presenciais de orientación laboral. O teu persoal de orientación, poderá contactar contigo, de ser o caso, para citas de seguimento telefónico.
- Quedan aprazadas, mentres dure a suspensión das actividades educativas, as accións de formación profesional para o emprego xestionadas ou financiadas pola Xunta de Galicia, as prácticas non laborais, os obradoiros de emprego e os programas integrados de emprego.

## MEDIDAS SOBRE A ORGANIZACIÓN E REALIZACIÓN DE TRÁMITES

Desde a posta en marcha do Plan de Emerxencia Sanitaria en Galicia, as oficinas de emprego da Xunta de Galicia están pechadas ao público, pero o seu persoal continúa traballando realizando os trámites que necesites e ofrecendo atención telefónica e telemática.

### NOVO FORMULARIO WEB DE SOLICITUDE DE ALTA INICIAL COMO DEMANDANTE DE EMPREGO.

Se nunca estiveches inscrita/o como demandante de emprego en Galicia e necesitas solicitar a alta inicial para tramitar unha prestación ou subsidio, acceder a unha oferta ou por estar afectada/o por un ERTE, podes tramitar a alta no novo formulario dispoñible na web de Emprego Galicia.

Enlace: <https://emprego.xunta.gal/portal/gl/formulario-alta-demanda.html>

### SE NECESITAS UNHA PRESTACIÓN OU SUBSIDIO, PERO TES A DEMANDA EN BAIXA:

Debes dirixirte directamente á Oficina de Prestacións do Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE) a través do sistema de cita previa virtual habilitado na súa web. Enlace: [https://sede.sepe.gob.es/contenidosSede/generico.do?pagina=proce\\_ciudadanos/cita\\_previa.html](https://sede.sepe.gob.es/contenidosSede/generico.do?pagina=proce_ciudadanos/cita_previa.html)

Tamén podes empregar o novo formulario de pre-solicitude de prestación individual por desemprego dispoñible na dita web. Enlace:

[https://sede.sepe.gob.es/contenidosSede/generico.do?pagina=/contenidos/sede\\_virtual/sv00A1.html](https://sede.sepe.gob.es/contenidosSede/generico.do?pagina=/contenidos/sede_virtual/sv00A1.html)

### SE A TÚA EMPRESA SOLICITOU OU VAI SOLICITAR UN ERTE DE FORZA MAIOR COMO CONSECUENCIA DO COVID-19:

Non tes que facer ningún trámite. A empresa ten que presentar a solicitude do ERTE para a súa autorización pola autoridade laboral e tamén comunicará os datos ao Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE), para que este inicie a tramitación da túa prestación.

### PARA FACER UN TRÁMITE NA TÚA DEMANDA QUE NON ESTÁ RELACIONADO CUNHA PRESTACIÓN OU SUBSIDIO (OFERTAS DE EMPREGO, ACCESO A PROGRAMAS...):

Podes contactar coa túa oficina de emprego telefonicamente ou por correo electrónico e eles realizarán o trámite cos datos que lles facilites.

Buscador de oficinas: <https://emprego.xunta.gal/portal/index.php/gl/buscador-oficinas.html>

OUTRAS INFORMACIÓN DE INTERESE DO SERVIZO PÚBLICO DE EMPREGO ESTATAL (SEPE) CONSULTA O SEGUINTE ENLACE: <https://www.sepe.es/HomeSepe/COVID-19/medidas-COVID-19.html>